

**REGULAMENTO DA DIRECTORA DA E.U. DE RELACIÓNIS LABORAIS DE LUGO
SOBRE A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS RECOÑECIBLES COMO
CRÉDITOS OPTATIVOS, DA TITULACIÓN DE GRAO EN RELACIÓNIS LABORAIS E
RECURSOS HUMANOS DO CAMPUS DE LUGO**

A Memoria do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos recolle a posibilidade de que o alumnado poda obter recoñecemento académico dun máximo de 12 créditos optativos pola realización de prácticas externas relacionadas co título según o art. 12.6 do RD 1393/2007, modificado polo RD 861/2010 de 2 de xullo, que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Para a realización destas prácticas a E.U. de Relacións Laborais de Lugo promove a sinatura de convenios con entidades públicas e privadas do noso contorno. En base ao Convenio da USC coas empresas, ao Regulamento de Prácticas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, e ao acordo da Comisión de prácticas da Escola, a Dirección da mesma establece o procedemento selectivo para a realización de prácticas de acordo coas seguintes bases:

1.- NORMAS XERAIS

- 1.1. Convócanse prazas para a realización de prácticas en empresas por parte dos alumnos de Grao da E. U. de Relacións Laborais de Lugo.
- 1.2. As prazas que se ofertan e as súas características serán descritas na correspondente convocatoria.
- 1.3. As prácticas que se realicen ao abeiro desta convocatoria terán unha duración de 300 horas e recoñeceránse como 12 créditos optativos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Para que este recoñecemento sexa efectivo, o alumnado estará obrigado a realizar o período completo de prácticas e matricularse de todos os créditos que se ofertan na convocatoria correspondente.

2.- REQUISITOS

- 2.1. Estar matriculado no curso académico correspondente no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- 2.2. Ter superado o 50% dos créditos dan titulación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (120 créditos).
- 2.3. Que o/a alumno/a non sexa traballador/a de dita empresa/institución.
- 2.4. Que non se trate de empresas dirixidas ou administradas polo/a estudante que promove as prácticas ou por persoas que teñan con el/ela un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade dentro do segundo. Este mesmo requisito será aplicable cando se trate da propiedade da empresa ou sociedade no caso en que a participación na mesma supere o 10%. No caso de falsidáde nesta declaración procederase, previa audiencia ó estudiantado, á anulación das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.
- 2.5. Non ter superado o Traballo Fin de Grao.

3.- SOLICITUDES E PRAZO

- 3.1. As solicitudes dirixiránse á Dirección da Escola no modelo que figura no **Anexo I** desta convocatoria e estarán á disposición do alumnado na Secretaría da Escola e na páxina web da mesma
- 3.2. Declaración xurada de non ter relación coa empresa ou institución (**Anexo II**)
- 3.3. O prazo para a presentación das solicitudes e documentación será o sinalado na correspondente convocatoria.
- 3.4. As solicitudes presentaranse xunto con unha copia simple do Expediente Académico e deberán ser dirixidas á Secretaría da Escola, ao correo electrónico: hola@relacioneslaboraleslugo.com

4.- SELECCIÓN E PUBLICACIÓN

- 4.1. Unha vez examinadas as solicitudes pola Comisión de prácticas farase pública no taboleiro de anuncios do Centro e na páxina web da Escola a listaxe de alumnos/as admitidos/as.
- 4.2. Para a selección terase en conta a valoración do expediente académico.

5.- MATRÍCULA

- 5.1. Unha vez feita a selección e asignadas as prazas, deberá formalizarse matrícula dos créditos correspondentes na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo no prazo que se estableza na Resolución definitiva, e sempre antes do inicio das prácticas.
- 5.2. No caso de non formalizar matrícula no prazo sinalado suporá que o/a alumno decae no seu dereito á praza. O alumnado seleccionado que non formalice a matrícula nos prazos sinalados estará obrigado a comunicar por escrito a súa renuncia ás prácticas á dirección do Centro.

6.- AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

- 6.1. A avaliación das prácticas será realizada polo titor das Prácticas, que para tales efectos deberá ter en conta:
 - a) Memoria que deberá realizar o/a alumno/a ao remate das prácticas.
 - b) Informe da Empresa ou Institución, que deberá ser remitido o/a tutor/a académico no Centro, unha vez finalizado o período de prácticas.
 - c) Informe do titor académico das prácticas.

En Lugo, a 2 de marzo de 2023

A DIRECTORA

(Asinado)

Mercedes Montes Rodríguez
Taboleiro de Anuncios da E. U. Relacións Laborais Lugo



ANEXO II**DATOS PERSOAIS**

Nome e Apelidos (maiúsculas):		DNI nº:
Rúa, Número, Piso	Localidade	Provincia
Teléfono/móbil:	Correo electrónico:	

DATOS ACADÉMICOS

Alumno/a da E.U. de Relacións Laborais de Lugo (adscrita USC), matriculado no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, no presente curso académico.

EXPÓN:

- Que cumple as normas de aplicación dos convenios de prácticas de grado.**
- Ten superado 120 créditos da Titulación de Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

SOLICITA:

(Sinalar por orde de preferencia)

Prácticas nas empresas:

Lugo, de de 20.....

(sinatura)

Asdo:

SRA. DIRECTORA DA E.U. DE RELACIÓNs LABORAIS DE LUGO

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA DO/A ALUMNO/A

Don/a _____

co DNI nº _____, declara baixo xuramento:
que a empresa/entidade: _____

na que solicita ser admitido/a para a realización de prácticas en empresa do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que se imparte na E.U. de Relacións Laborais de Lugo, no actual curso 20...../20... non está participada en mais dun 10%, nin dirixida nin administrada por el/a, nin por persoa ou persoas coas que teña un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade ata o segundo grao.

_____, ____ de _____ de 20..

Asdo: _____

(Esta declaración debe ser cuberta e asinada polo/a alumno/ que solicita a realización da práctica)

ANEXO III

PLAN FORMATIVO PRÁCTICAS EXTERNAS
GRAO EN RELACIÓNNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
E.U. RELACIÓNNS LABORAIS DE LUGO

As prácticas externas corresponden, no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos á materia G3111447 Prácticas en empresa, de 12 créditos optativos, cun total de 300 horas.

TAREFAS A REALIZAR POLOS ALUMNOS:

- Asesoramento a clientes no ámbito laboral, fiscal e da Seguridade Social.
- Asistencia a actos de conciliación e xuízos no xulgado do social.
- Elaboración de contratos, confección de nóminas, cálculos de liquidacións, tramitación de despedimentos...)
- Xestión de altas e baixas na Seguridade Social, cotizacións e pensións.
- Realización de trámites coa TGSS, INSS, INEM e Mutuas.
- Tareas de contabilidade e facturación.
- Xestión e liquidación de taxas e impostos.
- Traballo administrativo, expediente e atención ao cliente.
- Participación en procesos selectivos, programas de formación, deseño de sistemas de compensación e outras tareas relacionadas coa xestión de recursos humanos.
- Traballo administrativo, expediente e atención ao cliente.
- Tareas de contabilidade e facturación
- Xestión de seguros (tramitación de sinistros, información e relación co asegurado...).
- Tareas relacionadas coa materia de Prevención de Riscos Laborais.

ANEXO III

**ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E
PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DE ESTUDANTES
DESTA UNIVERSIDADE
CURSO ACADÉMICO 201...../201....**

Os abaixo assinantes manifestan que lerón e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: **Curriculares** **Extracurriculares** **Traballo fin de grao/máster**

2.- Estudante beneficiario deste Acordo

Apelidos e nome:

.....
DNI

O/a estudante declara cumplir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....
....

4.- Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....
.....
....

5.- Titor académico:

D/Dona.....

...
con DNI.....

6.- Titor da Entidade Colaboradora:

D/Dona.....

...
con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao.....
..... Nº total de días: Horas/día:

8.- (*De ser o caso especificar a forma de pago*) Prevese unha aportación ao alumno estudiante por parte da Entidade dunha *axuda ao estudio de*.....€/mes,.....€/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aboará:

.....
.....

(*A entidade ou organismo que finacie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudiante terá a condición de empresario, assumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 4 do presente convenio*).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o estudiante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudiantes tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **Obxectivo** educativo destas prácticas é que o estudiante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundización dependerán dos labores a desenvolver polo alumnado dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadía onde porán en práctica os coñecementos adquiridos, adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

12.- Sistemas de **avalación e control**: O titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudiante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumplir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumplir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumplir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido silencio respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumplir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumplir con diligencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 201.....

O/A Titor/a Académico/a,	O/A Titor/a pola Entidade Colaboradora,	O/A alumno/a,
Asinado:	Asinado:	Asinado: